

Introducción editorial

Vinte anos acaba de cumprir xa a Facultade de Economía de Santiago de Compostela. Período curto na vida das institucións, pero suficiente cara a emprender proxectos longamente acariñados. Para un Centro adicado á docencia e á investigación, un deses anhelos pasa por dispor dun vehículo de comunicación de ideas, de diálogo e debate científico. E iso é, precisamente, o que pretende a revista que hoxe nace. Nacemento difícil e de xestión prolongada, que á fin materializouse mercede ó xeneroso patrocinio da Consellería de Economía do Goberno Autónomo.

O lector atopará neste primeiro número un abano de temas que lle confiren un certo aire misceláneo. En volumes sucesivos a orientación irase centrando, nembargantes, incluso monograficamente, nos grandes problemas que preocupan ó país. Iso non quere dicir que a variedade de artigos, documentos e recensións que a continuación se ofrecen vaia en demérito do interese desta primeira entrega.

X. Álvarez Corbacho analiza criticamente o modelo máis estendido de descentralización fiscal, insistindo nas súas insuficiencias en canto á concepción do Estado e da organización social, así como nas —ó seu xuício— pouco convincentes razóns para xustificar a asunción exclusiva polos gobernos centrais das políticas estabilizadoras e redistributivas.

P. Arias e M. Cancio ocúpanse da socio-economía dun conxunto de concellos coñecidos como «Costa da Morte». A poboación, a vivenda, as infraestructuras e os servicios, a pesca como actividade económica básica, a emigración, etc., son outros tantos puntos de reflexión para un artigo que establece un diagnóstico e certas pautas de ordenación rexional.

A política fiscal comunitaria é o obxecto da colaboración de *L. Caramés*, quen repasa os problemas da dobre imposición internacional, sulina a importancia dun convenio multilateral que leve ós Estados a pronunciarse sobre o concepto de establecemento permanente, chama a atención sobre a evasión fiscal, etc., todo iso na perspectiva de lograr uns mecanismos tributarios acordos coa idea dunha Europa politicamente unida.

Tamén a presenza europea inspira o artigo de *A. Faiña e J. Lirón*, os que apuntan valiosas ideas sobor da redefinición da política de desenvolvemento rexional, *M. C. Guisán*, á súa vez, expón algunhas características da economía galega, fixándose fundamentalmente na produción, na produtividade e no emprego, efectuando unha comparación coa Comunidade Europea, *M. Jordán*, pola súa parte, ocúpase das cooperativas como experiencia alternativa na economía social.

Nun plano teórico dentro do eido da Facenda Pública, *E. Moldes* ofrécenos unha colaboración sobor un tema clásico: a Débeda Pública. Faino, nembargantes, tomando como referencia o Nobel *J. Buchanan* e, en consecuencia, desde o punto de vista da elección pública. O sociólogo *J. P. Vilariño* comenta no seu artigo o que el chama economía política metropolitana de Galicia. Na súa opinión, a lectura do plan estatal de autovías e do proxecto de renovación ferroviaria pon de manifesto a preponderancia do centro político —Madrid— e a irrelevancia dos fluxos reais entre cidades. A súa conclusión é pesimista, ó soste que nunha sociedade corporativa, dominada polas grandes empresas e organizacións multinacionais, o minifundio urbano está condenado á dependencia. Por último, o

marketing é a materia da que se ocupa *J. A. Varela*, estudiando as reaccións dos consumidores perante a insatisfacción asociada á compra de bens e servicios.

A sección de *Documentos* presenta dous artigos. O primeiro débese a *J. Buchanan* e *V. Vanberg*, cunha coidada traducción de *P. Puy*. Como é ben sabido, o Prof. Buchanan é a cabeza visible da Escola de Virxinia, movemento intelectual máis coñecido polo nome da teoría nel desenvolvida, a Elección Pública ou Public Choice, ó que tamén pertencen outros relevantes académicos, tales como Gordon Tullock, Mancur Olson, Geoffrey Brennan, Richard Wagner, Robert Tollison, William Niskanen, Bruno S. Frey e Viktor Vanberg, por citar só algún dos máis representativos. Pese á súa xuventude, xa que o nacemento da teoría dátase convencionalmente na publicación do clásico libro de Buchanan e Tullock «O cálculo do consenso» (1962), o mesmo ano no que ámbolos dous constituíron a Public Choice Society, é difícil resumir en poucas liñas as principais aportacións da Escola de Virxinia, dado o enorme volume de literatura científica aparecida nos últimos anos. A revista Public Choice, sen se-la única publicación académica que recolle traballos relacionados coa elección pública, ten unha periodicidade pouco habitual no mundo universitario; doce números ó ano, o que dá boa idea do pulo da teoría.

«A politización dos fallos do mercado» é un magnífico expoñente do traballo elaborado polos autores da elección pública. Á indiscutible calidade das firmas dos profesores Buchanan e Vanberg, únese a oportunidade da súa temática. Nas liñas que seguen poderanse observar os aspectos mencionados anteriormente, aplicados en concreto ó estudio de como se corrixen as deseconomías externas nun contexto de adopción de decisións democrático.

Pola súa parte, nun artigo cedido pola Asociación Española de Economía da Empresa, *M. Ortiueira*, docente e investigador galego afincado en Sevilla, aporta unha suxerente visión dos problemas da xestión científica das organizacións. Como principal novidade —o que él chama «segundo talismán»— insiste en catro puntos esenciais: o método de pensar, a mentalidade estratéxica, a capacidade para interpreta-la fenomenoloxía política e o coñecemento profundo das culturas organizativas.

Eneko Landáburu, Director Xeral de Política Rexional na C.E.E., fixo unhas extensas declaracións á R.X.E. nas que expón todo un conxunto de cuestións da máxima importancia para o noso país. Por último, inclúense tres recensións no apartado de crítica de libros, a cargo de *M. Antelo*, *J. Ares*, *E. Pis* e *M. C. Martínez*.